

Nome e apelidos: _____

Curso: _____

MARIE CURIE

1º) Por que Marie Curie vai estudar fóra de Polonia, a Francia?

- a. Porque falaba moi ben francés.
- b. Porque en Polonia para ir á universidade había que saber Latín e Grego e ás nenas non se lles ensinaban estas linguas.
- c. Porque na Sorbona existía a carreira que Marie Curie quería estudar.

2º) Cal foi o primeiro mineral do que Marie Curie estudou a súa carga eléctrica?

- a. Uranio.
- b. Xofre.
- c. Magnesio.

3º) Como se chama a revista estadounidense que leva a cabo unha campaña coa fin de acadar os cartos necesarios para que Marie poida conseguir o seu primeiro gramo de radio?

- a. Vogue.
- b. The delineator
- c. People.

En que consistía a “universidade flotante” de Varsovia na que estudou antes de ir á Sorbona de París?

- a. Era unha universidade secreta á que podían asistir as mulleres e a xente que non podía pagar a universidade pública.
- b. Era unha universidade famosa por impartir aulas en barcos.
- c. Era unha universidade famosa por impartir aulas en globos aerostáticos.

CLARA GRIMA

No seu libro “¡Que las matemáticas te acompañen!”, inclúe un dato moi curioso: o volume dun M&M. Atopa a resposta correcta na páxina 57+2x78.

- a. 0,636 cm³.
- b. 1,04 cm.
- c. 0,68 cm³.

CAROLINE HERSCHEL

Tras descubrir Uranio e identificar 2500 nebulosas, Caroline e o seu irmán William comezaron a traballar para unha persoa moi importante. Quen?

- a. O presidente dos EE.UU.
- b. O rei de Inglaterra.
- c. O rei de Francia.

ROSALIND FRANKLIN

Foi a primeira en fotografar unha estrutura esencial en Bioloxía e Medicina. Cal?

- a. A estrutura da penicilina.
- b. A estrutura do ADN.
- c. A estrutura da auga.

ÁNGELES ALVARIÑO

En que campo centrou as súas investigacións?

- a. Na bioloxía mariña: estudou os fondos mariños e as especies de plancto.
- b. Na bioloxía molecular: estudou a estrutura do ADN.
- c. Nas matemáticas: foi a primeira programadora galega.

ÁNGELA RUIZ ROBLES

Na primeira metade do século XX inventou e patentou...

- a. ... a Enciclopedia Mecánica, o primeiro e-book da historia.
- b. ... o primeiro algoritmo para computador.
- c. ... un telescopio de alta resolución.

CUENTOS DE BUENAS NOCHES PARA NIÑAS REBELDES 2

¡Atención, nenas rebeldes! Sabedes que houbo unha muller pirata chamada Anne Bonny, que impoñía tanto medo no mar aló polo Século XVIII, que dunha vez topou unha embarcación francesa e...

- a) Loitou contra eles ata que non quedou un vivo.
- b) Levou os seus cartos sin que eles se enterasen.
- c) Os mariñeiros abandonaron o barco sen loitar nada.
- d) Ela soa conducía un barco pirata.

Celia Cruz foi unha cantante cubana gañadora de varios Grammys latinos. Encantáballe cantar, pero o que máis lle gustaba era subir ao escenario e berrar...

- a) ¡Merengue!
- b) ¡Azúcar!
- c) ¡Son cubana!
- d) ¡Vivan os pementos de padrón!

PIONEIRAS GALEGAS QUE ABRIRON CAMIÑO

Seguro que xa sabías que a primeira enfermeira en misión internacional era galega. De non ser grazas a ela quizáis hoxe non disporíamos da vacina da variola. Zarpou nun barco que tiña o nome dunha praza moi importante da Coruña. Cal era o nome do barco?

- a) Isabel Zandal.
- b) María Pita.
- c) Dr. Valmis.
- d) Riazor.

A primeira gaiteira da nosa terra chamábase Aurea Rodríguez. Ela cos seus irmáns percorreu moreas de festas e romarías coa súa gaita e así gañaba os cartos e a vida. En que provincia galega está o pobo onde naceu a “raíña da gaita”?

- a) A Coruña
- b) Lugo
- c) Ourense
- d) Pontevedra

PIONEIRAS GALEGAS QUE ABRIRON CAMIÑO 2

A lei española non permitía que as mulleres accedesen libremente ás universidades. No caso de Galicia, Manuela Barreiro foi a primeira a finais do Século XIX. Pero, en que se licenciou?

- a) En enxeñaría electrónica e robótica.
- b) En botánica.
- c) En maxisterio.
- d) En farmacia.

Cal é o nome do club de hóckey fundado en Vigo por Antonia Sanjurjo, que puxo de moda o deporte do *stick* entre as rapazas viguesas no primeiro tercio do Século XIX?

- a) Atlántida Hóckey Club.
- b) Stick feras.
- c) Sanjurjo Badía
- d) Antonia’s girls.

INVENTORAS Y SUS INVENTOS

Hellen Murray é a creadora das probas de diagnose. Terás que lembrar dela cada vez que...

- a) Poñas unha tiritita.
- b) Fagas a proba da COVID.
- c) Vais facer unha radiografía.
- d) Saques sangue cunha xiringa.

Sabías que unha famosa actriz de Hollywood foi a precursora da wifi, o bluetooth ou o GPS, co seu sistema de comunicación segredo sen fíos?

Facíase chamar Hedy Lamarr, pero o seu verdadeiro nome era...

- a) Helena Lamarragoytia.
- b) Helga Lays Martínez.
- c) Hedwing Eva María Kiesler.
- d) Lady Marmalade.